

**DECRETO DE CONVOCATORIA SESIÓN DA XUNTA XERAL UNIVERSAL DE
EVISLUSA. EXPEDIENTE NÚMERO 2024/G023/000076**

**Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Excma. Sra. alcaldesa presidenta do
Excmo. Concello de Lugo, na súa calidade de Presidenta da Empresa
Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA).**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia e 12 dos Estatutos reguladores da Empresa, **RESOLVO convocar** aos membros do Pleno da Corporación Municipal, constituídos en Xunta Xeral da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A., **á Xunta Xeral Universal extraordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **xoves, día 27 de xuño, ás 09:00 HORAS.**

Para válida constitución da Xunta Xeral requírese, en primeira convocatoria, a asistencia de, polo menos, un terzo do número legal de membros da Corporación. Se en primeira convocatoria no se lograra o devandito quórum, entenderase convocada automaticamente a Xunta dous días despois, ás 09:00 horas.

Os asuntos que haberán de tratarse na devandita Xunta son os seguintes:

- 1/7 Aceptación da celebración da Xunta Xeral Universal.
- 2/8 Exame da xestión social e aprobación, se procede, das contas anuais correspondentes ao exercicio 2023 e aplicación do resultado.
- 3/9 Aprobación, de ser o caso, da acta da presente Xunta Xeral Universal.

Notifíqueselle aos membros da Corporación, coa indicación de que a documentación dos asuntos incluídos na orde do día se atopa a súa disposición, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

Cúmprase.

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-06-24 11:55:57.00)

CVD: IWzYYzSeRVCS+IciPUdt

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto/resolución: 5995/2024